



JMMC/aar

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD de Galicia), segundo o establecido no Decreto 220/2005 de 7 de xullo (DOG do 8 de agosto de 2005) que regula os estudos superiores de arte dramática en Galicia e a proba de acceso aos mesmos, vén de facer públicas as datas e os contidos das probas de acceso para o curso 2006-2007.

Para o curso 2006-2007 a ESAD de Galicia ofrece vintecatro prazas para cursar primeiro curso de Interpretación (opción textual) e doce prazas para cursar Primeiro Curso de Dirección de Escena e Dramaturxia (opción de Dirección).

Segundo o establecido no citado Decreto, para o acceso aos estudos superiores de arte dramática existen dúas vías:

(1) Entre os días 3 e 31 de marzo de 2006 estará aberto o prazo de inscrición para participar no proceso de acreditación da experiencia profesional. Este é un procedemento destinado ás persoas que desexen realizar as probas de acceso á ESAD de Galicia e non posúan o título de Bacharel. Para participar neste proceso cómpre ter vinte anos e unha experiencia profesional contrastada e demostrable, sempre na especialidade á que se desexe optar. Para máis información poden consultar o apartado de probas de acceso e a secretaría virtual na páxina web da propia Escola, nos seguintes enderezos: www.esadgalicia.com ou www.esadgalicia.es.

As persoas que desexen inscribirse deben presentar a documentación correspondente na Secretaría da ESAD de Galicia, de luns a venres e cun horario de 9.00 a 14.00. Tamén se pode remitir por correo: ESAD de Galicia, Apartado 2102, 36208, VIGO. Neste caso é aconsellable facelo por correo certificado e con acuse de recibo. Para máis información poden poñerse en contacto por calquera dos procedementos indicados na páxina de presentación da web da Escola, ou ben no teléfono 619.910967.

(2) O prazo de inscrición nas probas de acceso para aspirantes con título de Bacharel será o comprendido entre os días 22 de maio e 16 de xuño de 2006. Mais información no apartado de probas de acceso e na secretaría virtual da páxina web da ESAD de Galicia ou no teléfono 619.910967.

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia está situada provisionalmente no IES de Bouzas, centro situado na rúa Eduardo Cabello, no barrio de Bouzas, Apartado de Correos 2102 - 36208 Vigo, para os efectos oportunos.

O que lle comunico aos efectos oportunos co rogo de que lle dea traslado ao servizo de inspección correspondente.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2006

O director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Asdo.: Antonio Vázquez Vázquez

SR. DELEGADO DA CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA.